

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 23 de maio de 2024 pola que se autoriza o Plan de pesca da anguía para as confrarías de pescadores da ría de Ferrol, tempada 2024.

Advertido un erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 105, do venres 31 de maio de 2024, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 33068, no punto 3. Horario, onde di:

«A actividade iniciárase ás 12.00 horas do luns. Para tal efecto, entenderase por inicio da actividade o momento da saída do porto.

As nasas non poderán ser caladas nin poderán permanecer no mar as fins de semana a partir das 12.00 horas do sábado, e a embarcación non poderá saír do porto ata as 12.00 horas do luns seguinte».

Debe dicir:

«As nasas poderán permanecer caladas no mar as fins de semana e non poderán levantar a arte entre as 12.00 horas do sábado e as 12.00 horas do luns seguinte».

